

Acta da sesión ordinaria da Comisión de Calidade
da Escola Internacional de Doutoramento do 27 de abril de 2017

Asistentes

Presidente (Director da EIDO):	Antonio Pino García
Coordinador calidade:	Marcos Arias Acuña
Director Area Calidade:	Xosé María Gómez Clemente
Responsable sección Posgrao:	José Luis Gómez Reboiro
Representante alumnado:	Alicia López Bruzos
Responsables calidade programas:	Yolanda Rodríguez Castro Asunción Longo González Paloma Morán Martínez
Outros:	Miguel Dorribo . (técnico calidade) Esther Jorge Correa (Negociado apoio administrativo á dirección da EIDO)

Desculpan asistencia

A responsable de calidade do programa de doutoramento Tradución e paratradución.

En Vigo, na Sala II do edificio Miralles, ás 11:30 horas e, previa convocatoria, reúnese a Comisión de Calidade da Escola Internacional de Doutoramento da Universidade de Vigo para tratar os seguintes asuntos.

ORDE DO DÍA

1. Constitución da Comisión de Calidade

O presidente informa sobre os antecedentes que motivan a constitución da Comisión de Calidade, derivados da “Estrutura do sistema Interno de garantía de calidade provisional da EIDO”, aprobada polo Comité de Dirección da EIDO do 12/03/2015

O secretario académico da Eido asume en funcións a coordinación de calidade e a secretaría desta Comisión.

Falta un representante dos programas de doutoramento polo ámbito científico, que será elixido no vindeiro Comité de Dirección.

Nese intre, a 27 de abril de 2017, constituíse a Comisión de Calidade da Eido.

2. Informe do presidente

O director da Eido informa sobre a situación do proceso de seguimento dos programas de doutoramento, tendo como prazo ata o 19 de maio para cargar na aplicación da ACSUG os informes de seguimento e a documentación asociada.

Tamén informa de que se vai modificar a Web da Eido para ofrecer a información relativa á calidade dos programas de doutoramento.

Está prevista outra reunión desta comisión nos días 11-12 de maio para aprobar os informes de seguimento.

En xullo haberá un Comité de Dirección no que se pretende aprobar o Manual de Calidade, e posiblemente o desenvolvemento normativo dos procedementos deste Manual, o que implica que esta comisión deberá reunirse tamén en xuño.

3. Validación, se procede, do manual de Calidade da Eido

Miguel Dorribo fai unha presentación do Manual de Calidade.

Coméntanse as suxestións presentadas previamente pola responsable de calidade do programa de doutoramento Enxeñaría química. Modifícase o documento tendo en conta estas suxestións.

O director da Área de Calidade suxire catro cambios nos obxectivos do Manual de Calidade.

Valídase o Manual de Calidade por asentimento cos cambios suxeridos polo director da Área de Calidade e a responsable de calidade do PD Enxeñaría química. O documento validado consta no anexo desta acta.

4. Rolda aberta de intervencións

A responsable de calidade do programa de doutoramento en Ciencias mariñas, tecnoloxía e xestión pregunta se xa se pode incluír este Manual de Calidade na memoria de verificación. O director da Área de Calidade resposta que preguntará na ACSUG, pero que en todo caso a Área de Calidade proporcionará a redacción do texto a incluír no apartado correspondente da memoria de verificación.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12:30 horas, da que eu como secretario dou fe co visto e prace do presidente da Comisión.

O Secretario



Marcos Arias Acuña



Vº e Pr. O Presidente



Antonio Pino García